

VIEIROS

Máis Alá

Xestionado por [Vieiros](#)

John Rutherford, Académico honorario

Xosé María Álvarez Blázquez será o autor das Letras para o ano

Competía con Carvalho Calero ou Lois Pereiro, pero finalmente foi o escollido pola Real Academia Galega neste sábado para ser o vindeiro autor homenaxeado no Día das Letras.

Redacción - 17:00 30/06/2007

A [RAG](#) destacou que Álvarez Blázquez foi "o exemplo perfecto dun home polígrafo, erudito e interesado pola historia, a arqueoloxía ou a literatura", e destacou tamén o seu "importante labor" como editor.

Unha das voces do neotrobadorismo

Naceu no 1915 en Tui (Pontevedra), e militou na Federación de Mocidades Galeguistas e no Partido Galeguista. Xunto a Luís Viñas Cortegoso, fundou a Editorial Monterrey no 50, e no 64 fundaría Edicións Castrelos. Entrou a formar parte da RAG no 62. Morreu en Vigo hai xa 22 anos.

Da súa obra en galego, destacan a colección de relatos *Os ruíns* (1936) e *A pega rabilongo e outras historias de tesouros* (1971), no xénero da narrativa infantil. Entre a súa obra lírica, o poemario, realizado xunto co seu irmán Emilio, *Poemas de ti e de min* (1949), *Roseira do teu mencer* (1950), *Cancioneiro de Monfero* (1953), unha das obras claves do neotrobadorismo, *Romance do pescador peleriño* (1954), ademais de *Canle segredo*, escrito no 54 e publicado no 76. Como ensaísta, publicou *Escolma de poesía galega II: A poesía dos séculos XIV a XIX* (no 59), *Escolma de epigramas* (1968), e *Escolma de poesía medieval* (1975),

Novo recoñecemento para John Rutherford

Por outra banda, a academia acordou nomear Académico de Honra ao profesor [John Rutherford](#) (Inglaterra, 1941), recentemente galardoado co Premio Trasalba, profesor titular da Facultade de Español do [Queen's College](#) e director do Center for Galician Studies de Oxford. Del valorou que se trata do "representante máis destacado do hispanismo británico" en relación con Galicia.

Novas relacionadas

- [Letras 2008: e ti a quen propós?](#)
- [O Fervidoiro propón a Xohán Xesús González para as Letras 2008](#)